



IDADE DOS METAIS

LA PREHISTORIA

Edad de piedra

Paleolítico

5,000,000 de años

Neolítico

10,000 años

Edad de los metales

6,000 años

- Eran nómadas.
- Eran cazadores y recolectores.
- Vivían en tribus.
- Hacían pinturas rupestres.
- Descubrieron el fuego.

- Eran sedentarios.
- Inició la agricultura y la ganadería.
- Formaron poblaciones.
- Inventaron la rueda.

- Elaboraban sus instrumentos de metal.
- Descubren metales como: cobre, bronce, hierro y oro.




DURACIÓN

HAI 7000 ANOS

START

PRIMEIROS
OBXECTOS DE
METAL



INVENCIÓN DA
ESCRITURA

HAI 5000 ANOS


**ONDE APRENDERON OS
PRIMEIROS HUMANOS A
TRABALLAR OS METAIS?**

NA PENÍNSULA DE ANATOLIA



**PONTE ENTRE
ASIA E EUROPA**

**Anatolia contaba
con xacementos
naturais de cobre e
outros minerais na
superficie,
facilitando o seu
descubrimiento e
explotación.**



**Un bo día, os homes do
Paleolítico botáronse a
andar na busca de
pedras útiles para facer
as súas ferramentas e
chamoulles a atención o
cobre pola súas cores**



O máis seguro é que golpearan esta fermosa pedra como golpeaban as outras e observaron que o cobre se se golpea non lasca senón que se aplasta ou cambia de forma.



**Co tempo farían moitas
probas con esta pedra
tan atractiva pero difícil
de traballar ata que un
día o meterían nun
forno
cerámico... .**




**...e observarían que
a pedra sairía fundida**



Menudo chasco!




**Entón, pasaría algún
tempo ata que alguén
entendera que o cobre
non se podía traballar
nin en frío nin moi
quente.**



Pouco a pouco foise pasando de martelar as pedras de cobre en frío ata fundilo e facer aliaxes.

Daquela tiñan fornos de cerámica que acabaría por utilizar tamén co cobre.



**Xa no Neolítico a sociedade se fora
especializando e agora acababa de xurdir unha
nova clase moi valorada: O FERREIRO**






ATENCIÓN!

O ouro e a prata xa se coñecían pero non eran funcionais. Eran brandos polo que un machado, unha espada ou un arado non tiñan a resistencia necesaria.

Ademais de brandos, o ouro e a prata son máis difíciles de conseguir polo que o seu uso era ornamental.

Ademais, estudos recentes veñen de confirmar que no Paleolítico os metais interesaron primeiro pola súa beleza e función ornamental. Despois, verían a utilidade nas ferramentas.

Así, as primeiras pezas realizadas en ouro foron adornos que aparecen en tumbas. Un bo exemplo é a necrópole de Varna (Bulgaria)



En 1972 saíu á la luz en Bulgaria unha necrópole de hai 6.500 anos con tumbas que contiñan máis de 3.000 obxectos de ouro.

E despois do cobre...o bronce (cobre + estaño)

Existe a teoría que di que o bronce se descubriu cando se fundiron xuntos, sen sabelo, minerais de estaño e cobre, creando bronce aleado por accidente.

Os ferreiros deberon de notar que este novo material no só se vía diferente ao cobre normal, senón que tamén era máis duro e resistente.


O cobre rara vez se atopa puro así que coincidiría que estivese misturado con outros metais como o estaño.

Os ferreiros comezarían a buscar as pedras de cobre con estaño e despois, o estaño

**Para darlle forma xa
non se usa o martelo**

**FORXA
senón , que se verte o
metal líquido en
moldes**

FUNDICIÓN



E por último, moito tempo despois, aprenderon a traballar o ferro, máis duro e abundante.



**Pero os metais non
abundan en todas as
rexións e por esta
razón xurde a
necesidade de
conseguilos**



**Aínda que o troco xa
existía no Neolítico
agora desenvólvese
O COMERCIO entre
zonas distantes e ricas
en metal.**

**O metal cámbiao todo:
Unha nova forma de vida**

**As aldeas e poboados
que se atopaban nas
rutas comerciais
convértense en
pequenas cidades.**



**As cidades
amurállanse e
construéense en lugares
estratéxicos porque
agora teñen que
protexer as súas
riquezas e os seus
excedentes**



**Pásase dunha
sociedade agrícola a
unha sociedade
guerreira con maiores
desigualdades sociais**



**Continúa a
especialización da
sociedade:**

**Aparecen
o GUERREIRO
e
o COMERCIANTE**



**Os numerosos sitios
fortificados e a gran
cantidad de armas
depositadas en
tumbas e santuarios
aportan a idea dunha
Idade de Fierro
belicosa**



Tamén neste período houbo outros inventos que marcaron un fito na historia da tecnoloxía: a roda e o carro tirado por animais, que xunto á aparición da vela nas embarcacións favoreceron o desenvolvemento do comercio, tanto pola maior cantidade de mercadorías transportadas como pola velocidade, o que facilitou a máis rápida expansión dos novos avances cara ás zonas limítrofes. A invención do arado, do regadío e a construción de canles permitiron a expansión da agricultura.

Ademais dos monumentos megalíticos que aparecem xa a finais do Neolítico, na arte desta época destacan os petróglifos



